







LOIS PEREIRO



cadros realizados polo alumnado de secundaria do CPI alcalde Xosé Pichel




Subvencionada por



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

asubíbicos nº48

CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL - CORISTANCO



ÍNDICE

- Lois Pereiro páx 1
- Os nenos e nenas de educación infantil páx 4
- O Samaín páx 10
- 1º Ciclo de Primaria páx 17
- O Magosto pax 26
- Día universal do neno pax 28
- Nadal 2010 páx 30
- O día dos namorados páx 33
- O Día da Paz páx 34
- 2º Ciclo de Primaria páx 35
- Club de lectura Coristranca páx 37
- 3º Ciclo de Primaria páx 39
- Entroido páx 41
- Entrevista a Diego Pardo Amado páx 44
- II Semana cultural páx 46
- 50 Aniversario das Memorias dun neno labrego páx 48
- Voz Natura páx 52
- Manifestos Correlingua páx 54
- 17 de maio: Día das Letras Galegas páx 56
- Xogos populares páx 63



- **COORDINADO** polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CPI Alcalde Xosé Pichel.

LOIS PEREIRO



Naceu en Monforte de Lemos en 1958 e morreu en 1996 n´A Coruña.


Empezou a escribir aos 16 anos e agasallaba no instituto aos compañeiros e compañeiras cos seus poemas. Aprendera a ler moi cedo, influído por súa nai, mestra de profesión, e converteuse nun lector voraz, interesado pola literatura universal, ademais de polo cinema e a música, especialmente o rock.

Ao finalizar o COU, con 17 anos, marchou para Madrid, en setembro, onde iniciou na Universidade León XIII os estudos de Ciencias Políticas e Socioloxía. Tres meses despois, nas vacacións de Nadal, coa certeza de ter errado nesta decisión, volveu para Galicia onde traballou en Monforte no negocio familiar, unha cristalería. No inicio do curso seguinte volveu marchar para Madrid para estudar o que era a súa verdadeira vocación, a aprendizaxe de idiomas. Matriculouse na Escola de Idiomas onde aprendeu inglés, francés e alemán.

En Madrid participou activamente da intensa vida cultural que se xestaba grazas ao inicio da democracia. Así, cofundou a revista Loia, en 1975, con Antón Patiño, Manuel Rivas e seu irmán Xosé Manuel Pereiro. Nela pretendían divulgar unha nova estética rompedora desde a literatura e as artes plásticas.

Nestes anos viaxa por diferentes países de centroeuropa, onde descobre as novas vangardas estéticas que ían nacemento, para se ir convertendo nun poeta vocacional, culto, plurilingüe e cosmopolita que escolle para a expresión dos seus pensamentos, sentimentos e emoción a lingua galega como única lingua de escrita.

A etapa madrileña remata bruscamente en 1981 cando se converte nunha vítima da devastadora intoxicación por aceite de colza que azoutou España.



As consecuencias no seu organismo son dramáticas: perda da masa muscular, atrofia das articulacións e complicacións varias a nivel neumolóxico que o irán deteriorando paseniñamente, ao tempo que lle dan un aspecto que moitos xulgaban marxinal.

Desde 1981 vive con seus irmáns, Xosé Manuel e Inés, na Coruña, arroupado pola familia e os amigos que o apoian e motivan para continuar vivindo en primeira persoa a vida cultural emerxente desta cidade nos anos 80. Únese ao proxecto transgresor plasmado na revista *La naval* e escribe incansabelmente desde unha loita continuada contra o tempo, desde a dor e a enfermidade. Asemade, consegue modestos traballos como tradutor de alemán, francés e inglés, así como en dobraxe de cine.

Estivo ao borde da morte en 1994, nunha longa estadía no hospital, onde se lle diagnosticou sida, doenza que segou tantas vidas da xa coñecida como "xeración perdida" dos 80 e 90. Conseguiu recuperarse paseniñamente e coller novos folgos para se centrar na súa auténtica vocación: a escritura, porque, como din os seus versos, desde un *cara a cara coa morte, vexo a□sinais de vida*.

Publicou dous poemarios en vida, *Poemas 1981-1992* e *Poes□□ltima de amor e enfermidade*, presentado publicamente no pub Moka da Coruña o 31 de xaneiro de 1996, apenas catro meses antes de morrer.

No ano da súa morte, en 1996, saíu á luz con carácter póstumo, *Poemas para unha Loia*, que ten composicións da súa época madrileña.

Neste ano 2011, en que é homenaxeado no noso Día das Letras Galegas, puidemos coñecer tamén a obra narrativa e ensaística inédita de Lois Pereiro, condensada nos seguintes títulos: *Conversa ultramarina*, *Náufragos do Paradiso* e *Modesta proposición e outros ensaios*.

CURIOSIDADE

Saber que un está á morte
e o corpo é unha paisaxe de batalla:
unha carnicería no cerebro.
¿Permitirías ti, amor deserto,
que nesta febre penitente abraise
a derradeira porta e pechase
detrás miña, sonámbulo e impasible,
ou porías o pé entre
ela e o destino?

UN SOÑO ALLEO REPETIDO

O certo é que teño a impresión ás veces
que se fai máis patente cada día
de que pese ás evidencias en contra
debín morrer daquela
e estou vivindo un soño repetido
nas noites dos que me seguen querendo.

Outono, 95

XIV

(CONTRA A MORTE O AMOR QUE VAI COMIGO)

Dos días que reserva para min o destino
cada unha das súas noites por vivir
sería a derradeira
a única esencial
se puidese vivirte a ti tamén
trasnoitado sobre o teu corpo en calma
cohabitandoos teus soños
sobrevivido á miña inexistencia
soñado nas túas noites
ou prorrogado en ti

xullo, 95





OS NENOS E NENAS DE EDUCACIÓN INFANTIL


Os nenos/as de 4º de E.I. participamos na sementeira de perexil e fabas. Regámolas cada día e así observamos como naceron.




Cando medraron plantámolas na horta do noso cole coa axuda da profe Rosa.



Foron moitas as cousas que fixemos este ano en 4 anos:
O día do libro. Aquí, vedes a biblioteca no patio e o
contacontos dos maiores aos pequenos..



Non só o pasamos ben fora da *clase*, dentro tamén...



E para o **magosto**..... saímos a investigar e tamén degustamos as castañas.



Aqui vos deixamos unha mostra do que fixemos os nenos e nenas de cinco anos.

No entroido coma indios disfrutamos.



Cos contos moito nos emocionamos.



Co barro que ben o pasamos





Samain



Un ano mais celebramos o Samain coa intención de afastar as perigosas almas defuntas e errantes do colexio.

Para iso fixadevos no que fixemos:

- Decoramos o colexio.



- Lemos contos de terror na biblioteca.



- Decoramos cabazas.



**Cabaza mais elaborada ESO : Victor
Cancela Pensado (2º ESO B) e Ivan
Bardanca Fernandez (2º ESO A)**

**Cabaza mais orixina ESO:
Alba Reino Casal (3º ESO A)**



**O premio a mais orixinal EP: Sara
Costa Taijo de 6º nivel B**

**O premio a mais elaborada EP: Joel
Rama Cancela de 5º nivel B**



Aqui vos deixamos os relatos ganadores do concurso **Contos de medo**

AS CABAZAS



Agora que estamos sos, vou a contar un conto, si se pode chamar conto.

Nunha aldea aló no burato do mundo, un labrego chamado Xacobo, vivía el solíño, pois non tiña veciños mais que os paxariños que cantaban nas silveiras e un can que se chamaba Guau Guau.



Pasados uns anos a casa de Xacobo púxose moi pero que moi velliña e decidiu darlle un amaño. Púxose mans a obra e empezou polo tellado e nun plis plas o tellado estaba no chan.

Tan canso estaba de traballar tanto que decidiu descansar un pouco tomando un refresco. De súpeto viu entre as antigas vigas relucir algo con gran intensidade, foi correndo ver que era e quedou súper abraiado cando se decatou que era UNHA PEPITA!!

-Pero para que demos será isto?

Despois de pensar, pensar e pensar decidiu plantala nun gran terreo que tiña xunto a casa. Xacobo todos os días ía ver que saía de alí pois estaba nervioso por saber que raios era tan estraña cousa. Pasados uns meses, pola mañá cedo mirou pola ventá e decatouse de que todo o terreo estaba cheo de canicas de cor laranxa, e pasadas dúas semanas aquelas canicas laranxas eran cabazas. Cos ollos aínda medio en branco foi correndo para ver de que demos se trataba, pois nada mais chegar as cabazas empezaron a rirse e puxéronse todas a bailar. Pero Xacobo xa todo tremendo de medo, miroulles a cara e todas poñían medo, pois unhas ca cara arrogada, outras so tiñan un ollo, outras os dentes daban noxo pois nunca os lavaran e ata había unha que lle saían vermes negros da boca, outras tiñan os ollos colgados fora do sitio, cheos de sangue, en fin, todas eran moi feas. Pero a pesar de seren tan feas estaban todas contentas, e Xacobo todo o día mirou para elas e falou con elas e bailou con elas e elas dixéronlle que estaban a celebrar o SAMAIÑ.



Xacobo trouxo refrescos para todas e mais algunha larpeirada e cantaron e bailaron todo o día e toda a noite ata que caeron de cú.

Alba Collazo 4º EP

ANTÓN LAMELA

Antón Lamela que sempre andaba na procura de poñerlle medo os nenos, aproveitaba todas as ocasións.

O día da festa vestíase de vaquilla, polo Entroido disfrazábase de choqueiro e corría polas portas ameazando que ía levarse os nenos...

Pero a súa festa preferida era cando chegaba o Samaín; era cando Antón sacaba o seu traxe preferido, a túnica negra, a espada vella recén pintada e na cabeza unha cabaza. Poñía medo velo.

Meu avó dicíame que non tivese medo, pero segundo ía chegando a miña casa as pernas empezábanme a tremer e íame agocharme detrás da avoa.



Marta 2º EP

SAMAÍN MONSTRUOSO

Érase unha vez un grupo de nenos aos que lle encantaban as historias de medo. Todos os sábados se xuntaban no medio do monte a contar historias diferentes. Un deses sábados mentres que un dos rapaces contaba unha historia escoitaron un ruído estraño que parecía que viña do outro lado do monte e decidiron saír a investigar. Cando chegaron ao lugar so atoparon unha casa que parecía como a dunha bruxa. Niguén sabía que pasaba ata que foron a dentro a mirar que era o que provocaba o ruído. Cando miraron na primeira sala quedáronse abraiados co que viron: personaxes de Halloveen todos xuntos facendo unha festa. Aínda que se deron conta de que era o día de Halloveen eles crían que os vampiros, as bruxas e as pantasmas non existían. Pero cando os vampiros viron aos rapaces avisaron ao resto de que deberían facelos desaparecer para sempre. Os nenos marcharon correndo pero de repente as portas pecháronse de golpe; non lles cabía ningunha dúbida, estaban atrapados.

Os vampiros intentaron mordelos, pero non o conseguiron; as bruxas intentaron facelos desaparecer para sempre cun conxuro, pero tampouco o conseguiron, e así seguido ata que todos acabaron esgotados.

Ao final un dos rapaces encontrou unha porta que estaba cuberta de herbas e marcharon correndo por ela. Os "monstros" seguiron aos rapaces pero non se deron conta de que se estaba facendo de día e todos se desintegraron.

Os rapaces foron correndo as súas casas, onde tiveron que darlle moitas explicacións aos seus pais por non ir a casa en toda a noite. Pero os nenos estaban moi contentos pola aventura que acababan de vivir.

Iria Castiñeira 6ºB EP

COUSAS DE MEIGAS

Na véspera da noite de Samaín Ara xa tiña o seu difraz preparado para saír cos seus amigos a pedir caramelos. Estaba moi contenta porque era a primeira vez que os seus pais lle deixaban ir soa cos amigos. Este ano disfrazaríase de de dama morta do Renacemento, só lle faltaba o antifaz e estaría todo listo, entón deitouse a durmir.



Sonou o despertador as 10.00 da mañá pero Ara apagouno e seguiu durmindo ata as 11.30. Levantouse e baixou á cociña; alí estaba a súa nai comenzando a preparar as cousas para o xantar.

-Bos días mamá, por fin chegou o día!

-Bos días Ara, axúdame a pelar as pataca para o xantar anda. Que día?

- Como que día mamá? Hoxe é Samaín!

-Samaín? Que será eso do Samaín?- Pensou súa nai.

Xa pola tarde foi a casa do seu mellor amigo André, petou á porta e falou coa súa nai:

-Ola! Viña buscar a André para organizar os disfraces para esta noite.

-Ola Ara, André non está. Foi de acampada co resto dos nenos do pobo, e non volven ata o próximo domingo.

-Como? Pero se quedamos hoxe para celebrar o Samaín!

A nai preguntouse que era eso do Samaín, pero pensou que eran falcatruadas dos rapaces, e deixouno estar.

Volveu á casa moi triste porque levaban meses preparando os disfraces para aquela noite, e deixáranas colgada.

De camiño a casa, mercou dúas cabazas, e ao chegar púxose a baleiralas. Cando rematou empezou a colocalas pola casa.

-Que fas Ara? , porque colocas esas cabazas pola casa a diante?

-Que pesada mamá xa che dixen que hoxe era o Samaín.

-Pero filla que é eso do Samaín?

-Como que que é o Samaín? O Samaín é unha festa na que se poñen cabazas fóra da casa para espantar as meigas, todos os anos o facemos, asique non te fagas a tola de que non tes nin idea. Dixo a rapaza enfadada aínda polo dos amigos.

-Ara creo que tes moita imaxinación, do que me levas falando toda a semana é de que querías ir de acampada cos teus amigos, e en vez de levantarte cedo, durmiches ata as 11:30, e marcharon sen ti.

-Iso non é verdade.

Ara saíu correndo da casa, e pola rúa chocou cunha anciá vella e arrugada, e con una gran verruga negra na punta do nariz. Ara pediulle perdón, e a anciá díxolle:

-O perdón xa non serve de nada. Estas a recibir o teu castigo por ser una destas persoas que non fai mais que disfrazarse das da miña clase, o único día que temos para sacar o noso verdadeiro rostro a luz. O único que facedes é protexer as vosas casas con esas malditas cabazas. Pero chegou o día da vinganza, os teus queridos amigos non tan de acampada como pensades todos, caeron na nosa trampa, e ti tamén terías que ter ido, pero tiñas que durmir, e agora durmirás para sempre.

Entón a meiga comezou a recitar unhas palabras e Ara foi perdendo o sentido pouco a pouco.

Cando espertou, estaba atada de pés e mans, e o seu lado o seu amigo André-

-André, André! Susurrou.

-Ara? Que fas aquí? -Preguntou o rapaz case adormecido.

-André, onde estamos? Onde está a meiga? Que facemos aquí, e onde están os demais?

-As encargadas do campamento eran meigas, capturáronnos e trouxéronnos a esta cova soterrada baixo o lago. Temos que soltarnos, algún dos trapaces foron obrigados a comer gominolas ata vomitar, e borráronlles a memoria o igual que as nosas familias.

-Claro! Por eso as nosas nais non recordaba nada sobre o Samaín. Pois non se van saír coa súa. Mira, eu xa soltei as mans.

Uns minutos despois, os dous xa estaban desatados. Correron a sala na que se atopaban os seus compañeiros, a quenes liberaron e desenfeitizaron para que recuperaran a súa memoria.

-Vamos, temos que marchar.

-Pero temos que destruír as meigas!

-Está ben, témoslle que prender lume a cova. Vámos, alguén ten un mecheiro??

-Teño una idea mellor. -interview Sandra, a irmá de André-. Ninguén merece a morte asique o mellor e que as encerremos. Temos que poñerlle cabazas prendidas ao redor do lago para

que non poidan escapar. E como as meigas solo poden sair desa cova o día de Samaín , sería algo que temos que repetir cada ano a partir de agora.

-Está ben. Pero dadesvos conta do que estiveron a punto de facer estas desalmadas? Case destrúen unha das tradicións máis extendidas do mundo.

Cada un foi buscar una cabaza e colocáronas arredor de todo o lago cando remataron oíron os berros das meigas que nacían do corazón do lago.

Cando volveron as súa casa xa estaban moito máis tranquilos.

Ara entrou na casa e súa nai tíñalle a cea preparada.

- Mamá acabanos de pasar algo terrible con unhas meigas que nos capturaron.

-Que son meigas? Filla oxe estás moi rara que se o samaín, que se meigas... Estas ben?

Ara non dixo nada mais e chamou a André:

-André miña nai non recorda nada do Samaín non se desfixo o feitizo.

-Seino pero xa non podemos facer nada. Este e o último ano de samaín da historia.

-Non pode ser, as meigas están encerradas.-pero Ara xa non escoitaba a súa propia voz.

Sonou o espertador e Ara levantouse de súpeto. Todo fora un soño. Ou non todo porque Ara non estaba na súa casa, estaba nunha habitación acolchada, e tiña una camisa de forza que lle amararraba os brazos.

Súa nai non a entendía, súa nai pensou que estaba tola. Súa nai.....

era una meiga.

Katiana Veiga Espasandín 1º B ESO




En infantil e 1º ciclo celebramos a semana do libro cunha morea de contos. As profes agasalláronnos cun libriño que nós enchemos de debuxos e de cores. Aquí tedes algún deles dos nenos de primeiro:

OS TRES PORQUÍÑOS






UNHA EIRUGA MOI LARPEIRA



CARAPUCHIÑA VERMELLA



AQUILES O PUNTIÑO



A CEBRA CAMILA




ELMER



E TAMÉN TRABALLAMOS CON ADIVIÑAS DE CONTOS:

Chamábanlle feo
logo marchou
e nun fermoso cisne
el se transformou.



Ela moi fermosa
el un monstruo
e co seu cariño
o feitizo ha romper.

Un lobo malvado
quer s comer
e nunha nova casa
m tense os tres.



Un animal son
de cores feño o corpo
os meus compañeiros son
grises
e eu xa non estou triste.



XOGAMOS COS NOMES

Rubén xoga moi ben.
Marcos ten moitos cartos.
Carmen come moita carne.
A Iván gústalle o pan.
Victoria pinta unha moria.
Nahara ten unha gadaña.
Brais pasea cos seus pais.
Darío vai polo río.
Victor xoga a ser un quico.
Raúl ten un tesouro no baúl.
Luis come un pitisiús.
Marta fai unha tarta.
Ana compra unha diana.

Aula de 2º



Visita ao AQUARIUM

Este ano fun a casa dos peixes a Coruña, e vin tiburons e mantas.

Había moitos máis peixes e tamén estiven vendo como lle daban de comer as focas.


Despois fomos comer a un parque e despois xogamos nel a o balancín e aos columpios e a pilla.

A primeira vez que fun alí tiña 1 ano, fun coa clase de preescolar na casa, e eu, non me acordó pero dixomo miña nai.

Gústame moito ir alí e ver os peixes que hai que son moitos e moi bonitos pero non me acordo do nome de todos, nin me recordo de moitos deles.

A próxima vez que vaia gustaríame ver algún delfín saltando.

NAIHARA ESPASANDIN GARCIA 2ºEP



NEREA 1ºEP

OS BOMBEIROS

O día 18 de novembro os nenos e nenas do 1º ciclo fomos ver os bombeiros a Carballo. Así había camións con escadas e auga. Os bombeiros puxéronnos un casco e deixáronnos botar auga cunha mangueira. Tiñan un ximnasio moi chulo. Ao final vimos un vídeo que estaba moi bonito. Pasámolo fenomenal!



MARTA 2ºEP



BONILLA a la vista



O martes 31 de maio os nenos/as de infantil e 1º ciclo fomos de excursión A Coruña pero facendo unha parada na fabrica de patacas:

BONILLA a la vista



A continuación fixemos unha parada na TORRE de HERCULES.
Qué vento facía!




Mateo 1º

Finalmente chegamos ao parque de Eirís arredor da unha con moita fame e moitas gañas de xogar.

Primeiro xantamos nuns bancos de pedra e logo fomos aos columpios.



Pero mentres os pequenos ían ver os patos, nós fomos a un tobogán moi grande, moi grande que nos gustou moito.






FELIZ DÍA DO MAGOSTO



O venres 12 de novembro celebramos o Magosto



A ver se lle atopo o xeito ☐




☐ am, ☐ am ☐
a comer as castañas !!!



Pois a min gústanme máis as noces ☐



Castaña galega



BOINA

ZOCAS



Vou chegar de primeiro!!!!



DEREITOS DO NENO EN VERSO:

O 20 de novembro de 1959, a Asamblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración dos Dereitos do Neno. O obxectivo desta declaración é asegurar e protexer os dereitos que teñen todos os nenos e nenas do mundo. Este curso estivemos aprendendo estes dereitos e para que nos fosen máis doados de lembrar inventamos estes pareados.

Dereito a unha familia:

Temos dereito a ter unha familia
chea de amor e armonía.
Uxía.

Todos os nenos queren unha familia
para así teren unha mellor vida.
Patricia e Nerea.

Dereito á educación:

Moitos nenos no mundo cunha ilusión
ter acceso á educación.
Carmen.

Todos os nenos teñen dereito á educación
para estar ledos e aprender um montón.
Vanesa.

Imos á escola cos compañeiros
todos nenos felices e contentos.
Gerardo e Sara.

Dereito a ser atendido en caso de enfermidade:

Todos os nenos deberían estar sans
para así poder xogar.
Iria.

Enfermos atendidos
non queremos ser vencidos.
Daniel.

Dereito a non ser obrigado a traballar como un adulto:

Somos nenos deixádenos xogar,
cando sexamos adultos xa imos traballar.
Sara.

Somos nenos, tédesnos que escoltar,
Non nos ignoredes que sabemos falar.
Nerea.

Dereito a non ser maltratado:

Temos dereito a non ser maltratados,
facédenos caso e estaremos encantados.
Javier.

Dereito a non sufrir discriminación por razón de raza, sexo, cultura...

Non nos discriminedes, somos coma vós,
temos distinta cor pero somos moi bos.
Nerea e Carolina.

Dereito a vivir con dignidade:

Maiores escoitade
que os nenos queremos vivir con dignidade!
Dani.

Todos os nenos queremos dignidade,
así lograremos vivir con felicidade.
Rubén e Eloy.

Dereito a non sufrir mutilacións por razóns de sexo ou cultura:

Atendede todos e prestade atención
temos dereito a non sufrir mutilacións.
Alejandro M. e Natalia

Dereito a non ser privados de liberdade, ilegal ou arbitrariamente:

Os nenos temos dereito á liberdade
porque iso nos enche de felicidade.
Javier e Carolina.

Alumnado de 6º B de EP



FESTIVAL DE NADAL 2010

O mércores 22 de decembro celebramos no comedor do edificio de Educación Infantil e Primaria o festival de Nadal. Como todos os anos os nosos invitados especiais foron os alumnos e alumnas da EEI de Oca.

Cantamos panxoliñas, bailamos e entregáronse os premios do concurso de postais. E xa para rematar contamos coa presenza dos Reis Magos.



Alumnos/as de EI



Alumnos/as do 1º ciclo de EP



Alumnos/as do 2º ciclo de EP



Alumnos/as do 3º ciclo de EP



Ollade que bailes nos botamos!!!!



Deslombreme tanto sol!




Os Reis Magos fixeron unha parada no colexio para recoller as cartas dos nenos/as e repartir unhas cantas lambetadas!!!!



Os gañadores do Concurso de Postais.



As postais gañadoras foron as seguintes:



Álvaro Soto 4º EI



Brais Canedo 2º EP



Antía Amarelle 3º B EP



Vanesa Varela Taveras 6º B EP

O día dos namorados



O 14 de febreiro o amor invade o CPI Alcalde Xosé Pichel .

Os nosos alumnos e alumnas convértense en auténticos poetas enviándose sms de amor. O EDNL premiou os seguintes:

1º PREMIO

X quererm, x facerm rir e x facerme chorar, x deixarm spertar ao teu lado, x facerme sentir nun conto d fadas. Gracias , Qrote

CARMELA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. 4º ESO A

2º PREMIO

Quizais un haiku non saiba dicir
5 7 5 é demasiado para min;
Pero hai unha palabra que si sei dicir
e para ti da miña boca
vai sair
Quérote

JESÚS DAVID REGUEIRA SERANTES. 3º ESO B

3º PREMIO

Un amor de conto
iso é o que eu sinto
se estou contigo,
canda ti.
Un instante que se para,
un minuto que non avanza
foi o primeiro bico que che din,
foi así como o sentín.
Como expresar o que te Quero?
nin as estrelas do universo,
Nin as pingas do mar
bastarían para proclamar:
Quérote! Ámote!

ALBA MARTÍNEZ MUÍÑO. 4º





Día da PAZ

Un ano máis celebrámos o día da Paz. Este ano fixemos un mural cunha árbore. A súa copa eran pombas e as súas raíces eran as mensaxes que as distintas clases quixeron transmitir para celebrar ese día.



O venres reunímonos todos os nenos/as de infantil e primaria no patio do colexio para ler un manifesto inspirado na Declaración de *Yamoussoukro* sobre a Paz.

A Paz é esencialmente o respecto á vida.

A Paz é o ben máis apreciado pola humanidade.

A Paz é máis que o fin dos conflitos armados.

A Paz é un comportamento.

A Paz é liberdade, xustiza, igualdade e solidariedade.

A Paz é tamén unha relación harmoniosa entre a humanidade e o medio ambiente.

A continuación cantamos e bailamos coa canción de Juanes "Paz, paz, paz" e rematamos cunha solta de pombas .



SAIDA FIN DE CURSO DO SEGUNDO CICLO

O alumnado de Terceiro e cuarto de primaria CPI Alcalde Xosé Pichel fomos de excursión de fin de curso á Costa da Morte.
A primeira visita foi a Muros, aquí paseamos polo casco histórico e visitamos o mercado do pobo.



Posteriormente visitamos Louro, alí fomos ver o convento de San Francisco, co seu impresionante claustro.



Chegada a hora de xantar fixémoslo no parque da Praia de Louro, onde posteriormente xogamos sin parar na area e a zona verde de ali mesmo




E para rematar a visita á Costa da Morte acedimos a visitar a cascada do Eraro, actualmente aberta ao longo de todo o ano.



A visita rematámola merendando un xacado na Praia do Eraro e o regreso ao colexio.

Alumnado 4ºB

CLUB DE LECTURA CORISTRANCA



Ola, Agustín:

Somos un grupo de mozas de 1º de ESO, do CPI Alcalde Xosé Pichel de Coristanco, que formamos parte do club de lectura "*Coristranca, un club de lectura con retranca*".

Escribimos para dicirche que nos últimos meses lemos *Lúa do Senegal* e *Trece anos de Branca*. As dúas novelas nos gustaron moito, mais tamén queremos dicirche que a algunhas compañeiras do club nos sorprende como puideches facer para te meteres na pel dunha adolescente, e aínda por riba moza, sendo ti un home. Como o conseguiches?

Queridas amigas de "Coristranca":

Está ben o nome! Iso de club de lectura con retranca pode dar moito de si. Por se acaso, andarei con coidado nas miñas respostas ás preguntas que me facedes!


Pois si, *Lúa do Senegal* e *Trece anos de Branca* teñen protagonista feminina. E outros libros meus, tamén, xa o veredes cando leades outras novelas miñas (se vos apetece, xaora!).

Un narrador ten que saber crear personaxes diferentes, os que sexan, forma parte deste oficio meu de inventar historias. Como fixen para Branca e Khoedi? Pois, en primeiro termo, observando. Os que nos dedicamos a escribir andamos sempre a ollar o que pasa ao noso redor, somos como escáneres. E eu, ao longo da miña vida, coñecín moitas nenas e moitas rapazas, que para iso fun profe moitos anos. E teño unha filla. E coñezo as fillas de persoas amigas miñas... Así que, de aí, da experiencia, sae a miña primeira fonte.

Logo hai outra segunda, que é o que chamamos documentación. Hai libros onde se fala das pautas de comportamento da infancia e da mocidade, hai outras novelas... Mais o esencial é a observación.

E, por último, está a habilidade do escritor. Eu síntome moi cómodo falando desde unha voz narradora feminina, sei facela crible. E dígovos unha cousa: sabedes que teño un relato contado polo fantasma dun can? Está no libro *O único que queda é o amor*. Se sei facelo con esa voz narradora, cunha feminina ten que serme moito máis doado!

Tamén chamou a nosa atención, e así o comentamos na reunión que celebramos hoxe xoves 5 de maio, o final de *Trece anos de Branca*. Deixáchesnos moi intrigadas co que vai pasar no amor entre Branca e Lois.



Fóra do club, fixemos outras lecturas túas e démonos conta de que gustas de deixares incógnitas nos finais para que nós discurramos da nosa cabeza. Falo intencionadamente?

En canto aos finais... buff!! A min gústame deixalos abertos, nada de “foron felices e comeron perdices”. Gústame que o libro acabe nun momento dado, pero sabendo que a vida dos personaxes vai seguir, que non se acaba na novela. Con Branca xa curada, co vestido de estrea, que vai pasar con ela e con Lois? Pois non o sei, a verdade. Mesmo poden seguir ou poden distanciarse porque Branca se namora doutros, ou Lois tamén liga con outra rapaza... Calquera sabe! Eu comecei a novela cando ela enfermaba e remateina cando curaba. O resto, as lectoras sodes libres de imaxinar o que queirades. Así que xa vedes que si, que o fago de xeito intencionado. Porque tampouco sabemos como lle vai ir a Khoedi en Vigo, mesmo pode ser que se cruce comigo pola rúa e eu nin me decate!

Tiveches que investigar sobre medicina para ambientar a historia da enfermidade de Branca?

O da hepatitis de Branca foi moi curioso. Na primeira versión que escribín, eu partíalle unha perna. Tiña un accidente en ximnasia, fracturaba un óso e non lle quedaba outra que estar coa perna enxugada na casa. Pero chegou un momento en que me deu pena, porque as fracturas despois seguen dando molestias cando vas maior, pareceume que era algo sádico con ela. Así que lle puxen unha enfermidade que tivo unha amiga miña cando eu era novo: esa hepatitis non deixa secuelas, quedas curada de todo. Os escritores tamén temos o noso corazón!

Sen máis, queremos felicitarte polo teu traballo como escritor e anunciámosche que podes seguirnos no noso blog:

<http://coristranca.blogspot.com/>

Agardamos polas próximas lecturas e enviámosche un saúdo grande desde "*Coristranca, un club de lectura con retranca*"

E xaora que hei entrar no voso blog! E máis dunha vez!

Máis nada por hoxe. Unha aperta ben grande para que se poida repartir entre todas (e que quede un anaquiño para a profe).

Agustín Fernández Paz

TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA TOMA PARTE NAS XORNADAS LUDICODEPORTIVAS DA COSTA DA MORTE

Este curso escolar o alumnado dos cursos quinto e sexto de primaria iniciáronse nas xornadas lúdico-deportivas que xa levan anos facéndose na Costa da Morte.

Así pois este tipo de xuntanza de carácter lúdico-deportivo e cultural...ten como obxectivo principal compartir actividades deportivas e lúdicas cos nenos/as doutros centros educativos, facer deporte dunha forma saudable e en definitiva disfrutar coñecendo outros espazos.



O primeiro reto foi unha carreira de campo a través en Cee, aproveitando a saída deportiva para coñecer o Castelo de Vimianzo e arredores.



Posteriormente continuamos cunha saída deportiva ao CEIP San Vicenzo de Vimianzo, onde fixemos varios xogos deportivos como brilé, balón torre, fútbol... foi divertido.



E finalizamos as xornadas deportivas deste curso en Muxía, no CEIP Os Muíños onde aproveitamos despois do deporte para comer na zona de pinar que teñen alí ,compartindo espacio e xogos co alumnado de alí; ademais fomos coñecer o santuario da Virxe da Barca , a Pedra de Balar, O Mirador do Corpiño...





O ENTROIDO

Aquí vos deixamos unha mostra de todos os disfraces cos que festexamos o Entroido 2011.



Os rapaces e rapazas de Educaci3n Infantil disfraz3ronse de indios.



Os alumnos/as do 13 ciclo de EP disfraz3ronse de chineses.



Os alumnos/as do 23 ciclo disfraz3ronse de tribu africana.



Os alumnos/as de 5º disfrazáronse de exipcios.



Os alumnos/as de 6º disfrazáronse de vikingos.

Xa lle gustaría a Johnny Deep ter este estilazo!!!



ca



Contamos presenza do sombrerero tolo!



Xa podía ir pensando en facer rexime!!



Unha exploradora acercounos a unha tribu indíxena!

Apatrullando a cidade!!!!



Isto de bailar moi bo é para o reuma!

E como adoita ser en toda festa rematamos o entroido enchendo a barriga con filloas, orellas, roscas ...!!!





ENTREVISTAMOS A DIEGO PARDO AMADO GUÍA DO ROTEIRO ROSALIANO POLA CORUÑA

1. Cando decidiches que o teu futuro académico e profesional estaba vinculado á filoloxía?

Desde ben cedo. Sempre disfrutei lendo e aprendendo. Lembro que, ademais, quería saber máis acerca de nós mesmos, descubrir a cultura de noso. A filoloxía semellaba ser o camiño máis atractivo para o facer. No primeiro día de aulas de historia durante o meu 1º de BUP (hoxe 3º da ESO), respondín a unha pregunta similar formulada pola profesora Olga Pedrouzo e nin o pensei: “Eu hei estudar Filoloxía Galega”, espetei.

2. De non seres filólogo, que outra profesión te chamaría a atención?

Gustaríame calquera profesión que, como a filoloxía, implicase unha motivación, un reto novo cada día. Por isto, de non ser filólogo, gustaríame ter sido xornalista. É un traballo en que tamén se xoga coas palabras e permite coñecer moitas realidades diferentes.

3. Por que e como nace o teu interese por Rosalía de Castro?

Nace grazas á profesora María Pilar García Negro. O entusiasmo que manifesta pola literatura galega decimonónica e, especialmente, pola figura de Rosalía de Castro déixame abraiado. Agardaba con avidez que chegasen as súas aulas. Mudou a visión deformada que eu tiña desta escritora. Puiden comprobar que Rosalía foi unha muller revolucionaria e adiantada ao seu tempo.

4. Visitaches todos os lugares onde viviu Rosalía de Castro?

Adoro coñecer eses lugares. Hai uns meses estiven en Madrid, visitando a casa en que morou na rúa da Ballesta durante a súa estadía na capital española. Camiñei exactamente polas mesmas rúas que ela transitou o día da súa voda, até desembocar na igrexa de San Ildefonso, onde o 10 de outubro de 1858 a agardaba o historiador Manuel Murguía. Con todo, aínda me fican moitos recunchos rosalianos por descubrir.

5. Cando comezaches a investigar sobre esta autora?

Foi cando me licencie que decidín dedicarme á investigación. Da mesma maneira que tiven claro o meu futuro profesional cando estudante de Secundaria, tampouco dubidei ao consagrar os meus estudos de doutoramento á máis grande poeta galega da historia.

6. Canto tempo dedicas á investigación? Non resulta aburrido?

Dedico arredor de seis ou oito horas diarias, en función do tempo que me deixen as miñas outras ocupacións.

Como todo traballo, implica esforzo, mais penso que resulta sumamente gratificante. Cómpren perseverancia e ilusión para chegar a o culminar (creo intuír).

7. Que outros autores ou autoras che gustaría investigar?

Na verdade, penso que me gustaría investigar en profundidade calquera artista con cuxa obra desfrute, sexa poeta, director/a de cinema, pintor/a etc. Atráeme especialmente a pintura de Ovidio Murguía de Castro, fillo de Rosalía (para que todo fique en familia!).

8. A que outras tarefas te dedicas profesionalmente?

O celme do meu traballo profesional consiste na investigación, xa que, para alén dos estudos sobre Rosalía, participo nalgún outro proxecto. Imparto docencia na Universidade da Coruña e, esporadicamente, realizo traducións, participo na organización de actos culturais, guío roteiros etc.

9. Que afeccións practicas no teu tempo libre?

No meu tempo libre vou ao cinema, ao teatro, á ópera, á discoteca... Procuo viaxar todo o que podo, coñecer novas culturas, aprender idiomas. Practico tenis e natación. Mais, sobre todo, gosto de estar coa xente que quero e necesito.

10. Como cualificarías o roteiro rosaliano que realizaches connosco o 17 de decembro de 2010?

Foi unha experiencia ben gratificante. Para min só ten sentido realizar roteiros cando sei que as persoas que me acompañan vanme enriquecer e mellorar. O alumnado do CPI Alcalde Xosé Pichel de Coristanco fostes moi dinámico e participativo. Salientaría a alegría e sentido do humor de todas elas e eles. É o recordo que gardarei para sempre desta visita.

Alumnado de 4º de ESO



Música

Excursiões

Filmes


Exposiciões

II SEMANA CULTURAL DO CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL

Charlas

Teatro

Xogos educativos







Curiosidades científicas
con Jorge Mira

Obradoiro de música tradicional con Xabier Díaz



Obras de teatro





50 ANOS A LER AS MEMORIAS DUN NENO LABREGO

En 1961 publicábase en Bos Aires *Memorias dun neno labrego*, un auténtico bestseller da historia da literatura galega, pois é o libro máis lido de todos os tempos (camiña xa pola 31ª edición) e está traducido a multitude de linguas: éuscaro, catalán, inglés, francés, ruso, chinés, sueco, alemán, etc, ademis de contar tamén cunha edición en braille.

Sabemos que son varias as xeracións que levan lendo este libro e, por iso, ao longo do curso, fomos preguntando a diferentes persoas que, por unha ou outra razón, formaron parte da nosa comunidade educativa cal é a lembranza que gardan da súa experiencia como lectores desta novela de Balbino.

Velaquí vos ofrecemos as súas respostas!

DIEGO PARDO, licenciado en Filoloxía Galega, profesor na UDC, e de ascendencia bergantiñá, acompañounos nos primeiros meses de curso polas rúas da cidade da Coruña que, hai moitos anos, tamén paseou e viviu Rosalía de Castro. Velaquí a súa lembranza da lectura primeira das *Memorias dun neno labrego*:

Lin *Memorias dun neno labrego* por volta dos trece ou catorce anos. Coido que foi unha experiencia literaria amena e divertida. Gardo unha gratísima lembranza das aventuras de Balbino, dos dilemas a que ten de se enfrentar, e, en definitiva, da súa aprendizaxe vital que, en parte, era tamén a miña. Na realidade, resulta doado identificarse cun personaxe tan próximo e tan honesto como o protagonista das *Memorias dun neno labrego*, por máis que eu non fose un rapaz de aldea. Aquel libro de prosa tan asequíbel, lido entre o trafego dunha cidade como A Coruña, transportábame aos longos veráns que pasaba na miña aldea, en Bergantiños. Por iso, o que alí se contaba érame en parte familiar, coñecido dalgunha maneira. Ademais, en moitas cousas, eu soñaba con ser o Balbino!.

ANA PILLADO, licenciada en Filoloxía Hispánica e docente este curso no noso centro da materia de lingua e literatura castelá, tamén aceptou partillar conozco a súa experiencia iniciática con esta lectura cando era moi nova:

Tería aproximadamente 9 anos cando o lin, así que debeu ser no 1980. Foi dos primeiros libros que lin en galego, xunto aos contos de Anxel Fole, dos que moito gostaba, sobre todo dos que metían algo de medo, e *Cousas* de Castelao. Tal vez por iso, sempre sentín irmandados a Balbino e a Migueliño, sen dúbidas os primeiros rapaces cos que conversei literariamente en lingua galega. Sentín a ambos moi cercanos, aínda que as súas circunstancias diferían moito das miñas, mais o feito de que fosen nenos, coma min, fixo que a súa ollada do mundo prendera fundamentalmente na miña. Lembro terlle falado a miña avoa Rosalía, a nai da miña nai, que antes de ser avoa foi nena labrega, de Balbino e como ela lembrou a través del vivencias propias.

FRANCISCO CASTRO, escritor que nos visitou este curso despois da lectura que o alumnado de 3º de ESO fixo da súa obra *Chamámeme Simbad*, reflexionou ao redor desta obra dun xeito diferente aos anteriores:

Infelizmente para min, lín o libro moi medrado, é dicir, fóra do sistema educativo formal. Quen me dera, pensei, que mo mandasen ler no seu día, porque na miña formación lectora tería xogado, sen dúbida, un papel esencial. Ao lelo de grandíño xa non foi o mesmo. En calquera caso, a sensación foi a de estar asistindo a un libro-revelación, a un libro fundador. Foi un orgullo descubri-lo e saber que tamén na miña lingua tiña un Huckleberry Finn!

XAVIER DÍAZ, músico, cantante e experto coñecedor da tradición musical galega, non puido tampouco permanecer alleo a esta nosa curiosidade e velaquí a súa resposta:

Lín ... era eu tan pequecho, fillo dun traballador do Naval (Astano) vivía nunha pequena aldea (industrial) e non coñecía a aldea de verdade máis que as poucas veces que íamos ó norte (A Barqueira e Cerdido), que ficaba marabillado do padriño do meu pai que facía zocas e tamén dos gaiteros, e Balbino foi un mestre e un heroe para mín; aprendeume que a aldea pode ser o centro do universo (como sempre di o imprescindible Xurxo Souto) e tamén tódalas cousas que acontecen (diferencias sociais ... precisas para entendermos onde moramos...iso callou na nosa sociedade, vaia se callou), aprendeume tamén a valentía e o enxenio, precisamente a turrar contra o inxusto, a defender o debil e a non ter vergoña da eira, das pitas, da música, da fala ... a non ter vergoña, que é o mesmo que ter fachenda. Un imprescindible dende logo.

ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL, foi alumna do noso centro e este ano rematará a súa licenciatura na USC. Malia a súa mocidade, acaba de publicar hai poucas semanas aquí en Carballo o seu segundo poemario. Eis a súa lembranza de Balbino:

Eu non fun unha Balbina. Medrei na fronteira da transformación rural. Os meus compañeiros eran da aldea, axudaban nas labores do campo, falaban de tractores e animais, pero viñan á escola en autobús, vestían chándal e presumían das súas habilidades cos videoxogos. Ao "nenó labrego" que inventou Neira Vilas coñecino cando a adolescencia se comezaba a despedir de min (sobre o ano 2004). Non lembro con nitidez as súas "memorias", mais si a impresión que causaron en min. Con Balbino comprobei a distancia entre a nosa vida e a da xeración anterior e aprendín que, a pesar das diferenzas, nada cambiara tanto como parecía. Nós tamén eramos soñadores, faciamos trasnadas e queimabamos cachelas. Nós tampouco eramos iguais que os nenos ricos, nin falabamos a mesma lingua que os rapaces que da cidade. Aínda que vestisemos chándal e fósemos á escola en transporte público...

DANIEL NAVARRO, alumno de 3º de ESO, investigou no seu contorno familiar e descubriu que xa a súa nai lera a historia de Balbino e transmitiulle deste xeito os seus recordos:

Lino entre os doce e trece anos para a materia de lingua galega. Para min era como recordar as historias que me contaba miña nai de cando ela era pequena. Deume unha gran tristeza, sobre todo o primeiro capítulo, que aínda cse recordo de memoria. Con esta lectura descubrín o afortunada que era naquela época comparada cos nenos e nenas de xeracións anteriores.


RAQUEL IGLESIAS ESTEPA, é a nosa profesora de xeografía e historia, para alén de xefa de estudos do centro e ela, como non! tamén leu e reflexionou sobre as *Memorias dun neno labrego* neste longo camiño de 50 anos andados

Nacín o ano da 6ª edición de *Memorias dun neno labrego*. Daquela xa milleiros de lectores coñecían este clásico da nosa narrativa. A obra era lectura obrigada na EXB, mais nin lembro o curso exacto en que me tocou lela a min, nin recordo demasiado do seu argumento...

35 anos despois desa 6ª edición, o relato de Balbino volve caer nas miñas mans co gallo do 50 aniversario da súa publicación. En só unhas horas devoro o seu caderno de Memorias e, sen decatarme, fago un pequeno exercicio de reflexión: que lle suxerirían as aventuras e pensamentos deste "rapaz de aldea", deste "ninguén" á nena de 12 ou 13 anos que fun cando lin o libro por primeira vez?

Dubido que me sentise identificada coa paisaxe de miseria social e moral que Balbino tan ben retrata no seu relato. E isto sería así non tanto pola distancia temporal que existe entre as súas peripecias e as miñas coa mesma idade, senón máis ben polo feito de que eu fun e son unha nena sen aldea, unha nena de cidade sen avós nin pais do rural. No entanto, estou segura de que a empatía coa crónica de Balbino xurdiría por outro lado: a súa personalidade. Coma el, tamén eu de nena "baldeiraba o corazón" nun caderno, coma el, tamén eu gostaba de "deprender cousas" e "cavilar", coma el, tamén eu devecía por "ser grande" para chegar a "mestra de escola" e "ver mundo", coma el, tampouco non lograba entender moitas cousas "por máis voltas que lle daba".

Pasaron os anos, cheguei a grande... e as Memorias de Balbino son hoxe para min unha inestimábel fonte de coñecemento da realidade da Galiza rural dos anos 20 e 40 do século pasao e, o que é máis importante, "pantrigo" para o espírito.



NO CINCUENTENARIO DA PUBLICACIÓN DAS MEMORIAS DUN NENO LABREGO, NÓS HOXE SOMOS...*

Kelly, Ylenia e Carmela. Unhas rapazas de aldea. Coma quen di, tres persoas correntes.

No verán andamos con sandalias. O fervente asfalto non nos permite andar descalzos coma antes. Érgome cando lle cadra e vou á praia.

No inverno, frío. Ganas de estar arreo no sofá vendo a televisión pero non se pode, e hai que ir á escola. Estudar. Traballos. Clases...

¡Todos sabemos o que é isto!

Somos todos iguais, os da vila e os da aldea. Vale, iguais iguais non, pero case. Eles teñen as cousas máis preto, pero case todos temos as mesmas posibilidades, e no fondo, todos desexamos o mesmo.

A aldea xa non é unha mestura de lama e fume onde os cans ouvean e a xente morre “cando está de Deus”, coma antes. Agora as cousas cambiaron moito. Cambiaron as estradas, as tendas, o colexio, os traballos da xente...

Os rapaces vivimos ben. Necesitamos esforzarnos moito e estudar se queremos ser alguén na vida, pero vivimos ben e somos felices. Temos todo canto precisamos e máis.

Aínda así, nos quixeramos andar mundo. Ir por mares e terras que non coñecemos, ou si, pero gustaríanos volver. Nacemos e criámonos na aldea pero agora sentímola pequena, estreita. Como se vivísemos nun cortizo. Temos pensamentos que non llos podemos contar a ninguén. Algúns non nos entenderían e outros chamaríannos tolas. Nese aspecto, as cousas non cambiaron nada. Por iso escribimos. Fainos sentir desatafegadas, libres, como se nos quitasen de enriba un bocoi. ¡Cousas nosas!

¡Se nós fixeramos un libro! Nin falar. Ogallá que non nos entren nunca no blog. Daríanos vergoña. E non é para menos. Alí baleiramos todo o que sentimos. Moi pouca xente o fai. Todos escriben, pero moi poucos para dicir a verdade e moitos para arredarse dela.

Aínda que se nos ocorrese facer un libro, como por exemplo Ana Frank, de pouco valería o que contásenos. Ela viviu a ditadura Nazi e nos somos a penas “unhas nenas”, como nos chaman na casa. Somos Kelly, Ylenia e Carmela. Unhas rapazas de aldea. Unhas persoas correntes.

*Texto propio da autoría de Camela, Kelly e Ylenia, alumnas de 4º de ESO, lido no Pazo da Cultura de Carballo o día 26 de abril no acto de homenaxe a Xosé Neira Vilas, autor das Memorias dun neno labrego, no cincuentenario da súa primeira edición.

Voz Natura

Este curso 2010/2011, o CPJ Alcalde Xosé Pichel participou por primeira vez no Programa Voz Natura, unha iniciativa de educación ambiental promovida pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. O principal obxectivo deste curso era sensibilizar ao alumnado sobre a importancia del auga como fonte de vida.

Para isto, elaboramos murais:



Escribimos noticias sobre a auga en forma e sa:



Construímos mecanismos para aforrar auga:



Racimos charlas informativas e fixamos saídas ambientais:

Ademais...

Formamos as Ecopatrullas, que plantaron árbores, coidaron aos peixes, vivían que o patio estivese limpo, recolleron lixo, regaron as plantas...

Esta é Pingüña, a nosa mascota



Fixamos sementeiros nas aulas:



Construímos un herbario de plantas aromáticas e culinarias:



Creamos un blog e gañamos o premio ao mellor blog Voz Natura 2010-2011!!!!!!

OS ECOPATRULLEJROS DO PJEHEL

<http://blogs.voznatura.es/ecopichel/>

Equipo de Dinamización da Natura

E unha hortala!!



Fabricamos contadores de recollida selectiva:



SOMOS GALEGO!

Somos persoas únicas

Os que mantemos o galego.

Míranos, comemos o mundo, ñam, ñam...

O galego é delicioso.

Somos galegos, do mundo cidadáns.

Galeguizamos o noso blog.

A cabeza non para.

Lemos en galego os premios Nobel.

En galego seguimos a nosa fe.

Galego para derrubar calquera iceberg.

O rap en galego é o noso orgullo.

Esta é unha lingua que noutrora serviu de escusa para zoupar na escola, ben nolo lembrou o Padre Sarmiento, que argumentou contra quen quería convertela en lingua medio morta.

Se por desexo de todo un pobo volveu renacer... ímola deixar precisamente nós esmorecer?

Porque aínda que pensemos que non, **TOD@S SOMOS GALEGO!**

Se che din que polo teu acento parece bobo, replicarás que “a moita honra”, pois falo unha lingua de Reis.

Se che din que non vale para nada, respóndelles que leva moitos séculos dándoo todo de si.

Se dela te queren privar, di ben alto “teño dereito a falar e non penso renegar”.

Porque aínda que pensemos que non, **TOD@S SOMOS GALEGO!**

Se de certo tod@s somos iguais, por que non o vai ser a nosa lingua nun mundo plurilingüe? Desde que somos pequen@s apréndennos a compartir, a non rir dos demais, a non valorar nin xulgar sen argumentos. Apréndennos a ser como somos, a ser quen somos, pero como imos ser nós mesmos sen falarmos galego?

Porque aínda que pensemos que non, **TOD@S SOMOS GALEGO!**

É irónico e, ao tempo, triste, ver como hai galegas e galegos que lle dan a espalda á súa lingua, a lingua coa que medraron, deixándose substituír por outras linguas que cualifican como máis importantes. Non se é máis importante por falar unha lingua ou outra; somos máis importantes cando aprendemos a ver todas as linguas por igual.

O galego, o idioma de noso, da nosa cultura, da nosa música, da nosa literatura, do noso cinema, dos nosos cómics, da nosa regueifa non é só o que falamos. Galego é o que somos!

Porque aínda que pensemos que non, **TOD@S SOMOS GALEGO!**

E se en verdade **SOMOS GALEGO**, por que imos renegar da nosa lingua se tampouco renegamos da nosa vida? Se os nosos antepasados defenderon a lingua galega con unllas e dentes, por que non o imos facer nós no tempo presente? Agora somos nós os protagonistas dun novo capítulo da historia do galego, por iso pensamos e traballamos para o seu futuro.

Desde o noso pensamento **SOMOS GALEGO!**

Desde a nosa fala **SOMOS GALEGO!**

Desde o noso ser **SOMOS GALEGO!**

Desde a nosa lingua **SOMOS GALEGO!**

Fomos GALEGO, sigámolo a ser, mocidade! **SEXAMOS GALEGO!**

MANIFESTO CONCURSO CORRELINGUA – 3º A

SOMOS GALEGO!

Somos Galego pola nosa lingua, pola nosa cultura.

Somos Galego pola historia de Galiza, por non nos rendermos á hora de nos prohibiren a nosa lingua.

Somos Galego polos nosos escritores e escritoras que conservan viva a nosa lingua en páxinas inmortais.

Somos Galego, esteamos onde esteamos, na China, no Congo, en Rusia...

Somos Galego pola nosa gastronomía.

Somos Galego polas nosas expresións.

Somos Galego a moita honra!

Somos Galego ao igual que os nosos antepasados, verdadeiros mantedores da lingua de noso.

Somos Galego e protagonizamos nós agora a historia do futuro.

Somos Galego todas e todos e nel todas e todos temos máxima importancia e responsabilidades.

Somos e seremos Galego porque o noso futuro ten que ser en Galego!

Por que?



Porque SOMOS GALEGO!

MANIFESTO CONCURSO CORRELINGUA – 3º B

17 DE MAIO DE 2011


DÍA DAS LETRAS GALEGAS

ADICADO A LOIS PEREIRO



O oso e a troita

Era unha vez un osiño que miraba para o regato como pasaban as troitas, e recordaba como a súa nai as pescaba. Viu que unha delas viña retrasada; daquela o oso botouse a auga para pescala. Díxolle: ¡boute pescar! A troita respondiulle: ¡era boa!. Nunca vin un oso que pescara unha troita. O oso sen falar mais tirouse ao río para collela, pero esta escapou coma unha chispa. O oso tivo o seu primeiro fracaso e a troita a súa primeira victoria. Os dous se diron conta que non dian defenderse lonxe das súas nais.



Marta Calvo 2º EP

TÍTULO: FESTA DAS LETRAS GALEGAS



Úrsula Gerpe
Leis 6º A EP

Vouvos a contar un conto que se non o vexo non o creo .Pois prestade atención,que é algo que mola un montón. Isto era un día que estaba na casa da miña avoa, cando de súpeto oín un ruído que viña do galiñeiro. Fun a ver o que acontecía pensando que o raposo estaba a papar as galiñas, pero non, a miña sorpresa foi cando vin que una galiña puxera en vez de un ovo una letra, a letra D. Eu quedei sorprendida,porque tamén me din conta que as outras galiñas estaban sorprendidas do que a súa compañeira puxera. Eu pelisqueime nun brazo pensando que estaba soñando.Pero de súpeto vin que outra galiña cantaba no seu niño e que puxera outra letra. Todas as galiñas e eu tamén corremos a mirar que era,e nada mais mirar vimos que era a letra L. Pola tarde tiven moita ansia de ir ver todos os niños do galiñeiro e cando cheguei levei una gran sorpresa,porque as galiñas aquel día en vez de ovos puxeran letras e non eran unas letras calquera,eran de gominola. Xunteinas todas e decateime que ata as galiñas celebraban o día das



sorprendida,porque tamén me din conta que as outras galiñas estaban sorprendidas do que a súa compañeira puxera. Eu pelisqueime nun brazo pensando que estaba soñando.Pero de súpeto vin que outra galiña cantaba no seu niño e que puxera outra letra. Todas as galiñas e eu tamén corremos a mirar que era,e nada mais mirar vimos que era a letra L. Pola tarde tiven moita ansia de ir ver todos os niños do galiñeiro e cando cheguei levei una gran sorpresa,porque as galiñas aquel

día en vez de ovos puxeran letras e non eran unas letras calquera,eran de gominola. Xunteinas todas e decateime que ata as galiñas celebraban o día das

LETRAS GALEGAS...

Eu toda contenta fun a contarllo a miña avoa. Entre as dúas fixémoslle una festa ás galiñas.

De primeiro prato: millo

De segundo prato: verzas

E de postre : pienso con fariña.



E mentres elas celebraban a súa festa,eu e a miña avoa comíamos as letras de gominola.





Alba Collazo Collazo 4ºA EP

O FIN DE SEMANA

O domingo fun a misa
e estrei unha camisa
andiven moi amodino
pois era ongo o camino
A misa pronto comezou
pero ogo rematou

Xa de volta para a casa
encontre con unha vaca
paseaba polo prado
e matando moscas co rabo.
Quixena escorrentar
e empezouse a asustar

David Amado Velo 6 A EP





Alba Ferreiro Caamaño 3º A EP

A ARA SOLIS- FISTERRA (A CORUÑA)

De seguro, foi profundo o pavor que infundiou aos antigos a visión que experimentaron ao chegar a estas terras, lugares nos que só se ollaba un infinito mar no que se mergullaba o sol, como se o océano o devorase ,ao tempo que se escoitaba un fondo laio ,crenza que aínda hoxe comparten algunhas xentes desta *finis terrae*.

A lenda da Ara Solis, quizais de orixe grega, refire que o pobo caldeo, que adoraba o sol, decidiu un día buscar o escondrixo do astro durante as horas da noite .Abandonando o seu país, os caldeos comezaron o seu camiño cara a Occidente. O derradeiro lugar ao que chegaron foi Galiza, onde se decataron de que o mar lles impedía continuar, ó mesmo tempo que descubrían que o Sol se fundía no océano.

Convencidos de que entre as augas pasaba o astro adorando as horas da noite e abraidos perante aquel prodixio, decidiron construír naquelas terras una altar ao que puxeron de nome Aras Solis.

Hai quen afirma que o cáliz e a hostia do escudo de Galicia son unha representación simbólica ou filtrada pola relixión cristián do Sol sobre a Ara olles.

Sara Busto Gesto 5ºA EP

A lagoa de Alcaián

A lagoa de Alcaián está situada na parroquia de Seavia concello de Coristanco tamén recibe o nome de Braña Rubia, esta denominación débese á cor do terreo que é vermello debido ós sedimentos de arxila alí acumulados durante o período cuaternario. A Braña Rubia aporta auga ó río Mira que é o primeiro afluente importante do río Xallas

Sobre esta lagoa existe unha curiosa lenda que afirma que baixo as súas augas había unha gran vila, a vila de Alcaián. A lenda conta que nunha noite de treboada entraron na vila dous forasteiros solicitando refuxio e comida. Os habitantes negándose a cobixar os homes ceiváronlles os cans botandoos fora. As dúas persoas eran Xesucristo e un dos apóstoles. Cando estaban a saír Xesús dixo:

- Adeus , vila de Alcaian !

Que me encirraches a os cans

Afundirastes e nunca arriba volverás .

Dise pola zona que en ocasións escóitanse os ladridos dos cans, o canto dos galos e o repinicar das campás dese pobo soterrado polas augas .

Gemma Pose Pensado 5º A EP

Lenda da lagoa de Cospeito

No lugar no que hoxe se atopa a lagoa de Cospeito, existiu nun tempo unha aldea que se chamaba Valverde. Disque a esta vila chegou un día un mendigo pedindo pousada, pero todas as portas se ían pechando ao seu paso. Ata que, xa as aforas do lugar, foi acollido nunha casa humilde, onde lle deron bo abrigo. O mendigo pediu se lle podían dar algo de comer pero os vecinos so tiñan o becerro no cortello, a súa única forma de manutención. Así e todo decidiron sacrificala para darlle algo de comer a aque pobre home, logo de cear o visitante dixolle a os da casa que antes de se deitasén votasen os osos pequenos do becerro no cortello pequeno, e os grandes no cortello grande, maila que non entendían a razón decidiron facelo así e foron durmir. A o día seguinte o mencer, mendigo esperou os da casa a berros pedindolles leite para o almorzo. Os vecinos pensaron que toleara, e lembraronlle que o único animal que tiñan o mataran o día anterior para darlle algo de cear, pero o mendigo respondeulles: ¡Claro que tedes vacas que muxir! E iso e tan certo como que a vila de Valverde fica asolagada. Asombrados, os donos da casa foron os cortellos e atoparon no pequeno varios becerros e no grande varias vacas. Logo miraron fora e viron que a vila de Valverde efectivamente asolagada. Hoxe é a lagoa de Cospeito, hai quen di que aquel mendigo non era outro que Xesucristo, que andaba a comprobar a xenerosidade dos homes. E hai quen di que nas noites de San Xoán podese escoitar preto da lagoa as badaladas da igrexa de Valverde, e ata hai quen asegura ter visto en épocas de sequía os tellados da vella vila de Valverde.

Nuria Amado Botana 5º A EP

O MAR

Para ti: Que é o mar?


Unha inmensidade de auga,
na que poder nadar,
Con area branca e limpa
para no verán disfrutar...

No inverno, triste e apagado,
conformámonos ao seu carón paseando,
e aínda que frío e anoxado,
o camiñante del queda prendado.

O mar da o sustento aos mariñeiros
que a él se atreven a entrar.
Co seu suor e o seu traballo
as súas xentes poden alimentar.

Moitos arriscaron as súas vidas
para no mar traballar
algúns atoparon fortunas
e outros non puideron voltar.

Aínda que fero e cruel
a súa beleza non podemos negar
aquele que del se namora
nunca mais o pode deixar.



Cristina Pallas Marrozos 4º B EP

PRACTICAMOS XOGOS POPULARES NOS RECREOS NA SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

Aproveitando a semana de celebración do día das Letras Galegas, adicada este ano Lois Pereiro, fixemos unha proposta para facer xogos populares no tempo de lecer dentro do horario lectivo.

Así foi que o alumnado de quinto e sexto de primaria ofreceuse voluntario para ensinar os xogos populares, que eles xa coñecían das clases de Educación Física, aos seus compañeiros máis pequenos do centro, o alumnado de infantil ata cuarto de primaria.

Os xogos propostos foron entre outros: pano dos números, saltos á corda ou á goma, peón, petanca, birlos, mariola, sogatira, canicas, chapas, etc

Ao longo de tres días durante a xornada do primeiro recreo aproveitouse a actividade de ensinanza dos xogos populares para que os "maiores" do colexio fixeran de "mestres" dos "pequenos", có fin de botarlles unha man naqueles xogos nos que tiñan algunha dificultade ou non souberan como se xogaba.

A experiencia tivo boa aceptación por parte do alumnado, que durante uns días deixou de practicar os xogos de diario no centro, para cambiar e aprender a xogar a outros distintos, como andar en zancos, bailar o peón, xogar coas chapas, etc; recordando aqueles xogos de antaño, aos que xogaban os seus avós,país....e que aínda perduran ao longo dos anos.

Contamos ademais coa colaboración dos mestres implicándose na explicación dalgúns xogos populares cos cales se sentían identificados. Resultou unha grata experiencia de ensino-aprendizaxe dos xogos populares.

BIRLOS



PEÓN





ZANCOS



CANICAS



MARIOLA



SALTOS COA GOMA



SALTOS COA GOMA



TRES EN RAIÁ

PREMIOS CERTAME LETRAS GALEGAS 2011

• *Categoría Cómic*

Jesús e Pedro Porteiro CEIP Canosa Rus
Sergio Outeiro EEI Oca

Xairo Campos CEIP Canosa Rus
Sara Álvarez EEI Oca

Kira Lorenzo CEIP Canosa Rus
Alba Ferreiro Caamaño CPI Alcalde Xosé Pichel
Daniela Filgueira CEIP Canosa Rus

Aula de 5º CEIP Canosa Rus
Úrsula Gerpe CPI Alcalde Xosé Pichel

• *Categoría Narrativa*

Escola de Oca
Aulas de EI CEIP Canosa

Aula de 1º CEIP Bormoio-Agualada
Marta Calvo CPI Alcalde Xosé Pichel

Alba Collazo CPI Alcalde Xosé Pichel
Paula González CEIP Bormoio –Agualada

Ana Taboada CEIP Bormoio-Agualada
Sara Caamaño CEIP Canosa Rus
Samuel Abelenda CEIP Bormoio-Agualada

Katiana Veiga Espasandín CPI Alcalde Xosé Pichel
Cintia Rivero Rojo CPI Alcalde Xosé Pichel

• *Categoría Poesía*

Alumnos de EI de Oca
Aula de 3 anos CEIP Canosa Rus

Aula de 1º CEIP Canosa Rus
María Blanco EEI Oca

Cristina Pallas CPI Alcalde Xosé Pichel
Iker Andrade CEIP Bormoio-Agualada
Rubén Álvarez CEIP Bormoio Agualada

Antia Varela CEIP Bormoio-Agualada
David Amado Velo CPI Alcalde Xosé Pichel

Estefanía Seoane CPI Alcalde Xosé Pichel

Educación
infantil

1º ciclo EP

2º ciclo EP

3º ciclo EP

Educación
infantil

1º ciclo EP

2º ciclo EP

3º ciclo EP

ESO

Educación
infantil

1º ciclo EP

2º ciclo EP

3º ciclo EP

ESO

• *Categoría Debuxo*

Xulia Aran CEIP Canosa Rus
Pedro Mesejo EEI Oca

María Varela CPI Alcalde Xosé Pichel
Laura Gómez EEI Oca

Tania García CEIP Canosa Rus
Samantha Torres CPI Alcalde Xosé Pichel

Nerea Fuentefría CPI Alcalde Xosé Pichel
Alex Borrazás CPI Alcalde Xosé Pichel

• *Categoría Monográfico*

Aulas de infantil CEIP Bormoio-Agualada

Aula de 2º CEIP Canosa Rus
Aula de 2º CEIP Bormoio Agualada

Aula de 6º EP CEIP Canosa Rus
Aula de 5º A CPI Alcalde Xosé Pichel

Ánxela Facal Pensado CPI Alcalde Xosé Pichel





xeftos popularas